

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA CELEBRA O DÍA DA ADHERENCIA E INFORMACIÓN DOS MEDICAMENTOS

- Co lema “Impulsa a túa adherencia: gaña saúde” pretende concienciar do papel protagonista tanto do paciente como dos profesionais sobre a importancia de seguir as pautas dos tratamentos
- Máis de 100 persoas participaron nas enquisas realizadas por profesionais do servizo de Farmacia Hospitalaria no Hospital Clínico de Santiago

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023.- O Servizo de Farmacia Hospitalaria da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza celebra hoxe o “Día da adherencia e información dos medicamentos” lembrándolle aos pacientes a importancia de seguir as pautas dos seu tratamento e de non esquecer as tomas, baixo o lema “Impulsa a túa adherencia: gaña saúde”.

Ao longo da mañá, profesionais do servizo realizaron enquisas a máis de 100 persoas para avaliar a adherencia dos pacientes aos tratamentos e lles informaron sobre a importancia de seguir as pautas nunha mesa instalada no Hospital Clínico. A xerente da área sanitaria, Eloína Núñez, achegouse ata a mesa para saudar a Inés Soto, coordinadora do grupo de Adherencia da Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria e os demais compañeiros do servizo informando na mesa. A xerente compostelá destacou a “importancia da celebración desta xornada e do papel crucial do farmacéutico na mellora da saúde dos doentes e no funcionamento do sistema sanitario”.


Segundo datos da Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria, impulsora desta xornada a nivel estatal, o 50% dos pacientes maiores con tratamentos crónicos teñen unha adherencia subóptima á medicación, mentres ou que no eido da saúde mental calcúlase que entre o 44% e o 56% dos pacientes non cumpren co seu tratamento. Mentres que a taxa de adherencia en corticoides inhalados é do 60 %.

Así pois, Inés Soto, farmacéutica do CHUS e coordinadora de adherencia da sociedade “a adhesión terapéutica é un aspecto crítico a ter en conta en todos os pacientes, independentemente do tratamento e da patoloxía, xa que é o factor modificable máis importante á hora de acadar o obxectivo terapéutico. Promover a adhesión require da participación e concienciación de todas as institucións e profesionais sanitarios. Neste sentido, os farmacéuticos hospitalarios xogan un dobre papel:

- **Fomento da correcta adherencia:** a atención farmacéutica individualizada é clave na educación para a saúde, a información sobre medicamentos, as propostas de simplificación de pautas, a organización do plan terapéutico, que son á súa vez intervencións que mellorarán a adherencia.
- **Avaliación e seguimento da adherencia:** é posible desde a consulta medir a adherencia de diferentes xeitos, sendo a máis frecuente a través dos rexistros de dispensación. Aínda

que é certo que para medir a adhesión recoméndase combinar dous métodos diferentes. Outro método a utilizar poderían ser os cuestionarios, a escala visual analóxica (EVA), entre outros. O obxectivo da medición é detectar problemas relacionados coa adherencia e establecer medidas correctoras para tratar de melloralas”.

As enquisas realizadas nesta mesma xornada o pasado ano revelan que o 63% dos participantes tomaban entre tomaban de 1-3 medicamentos a diario, mentres que o 22% manifestaban inxerir entre 4-7, o 10% un total de 8-10 e o 5% máis de 10 medicamentos cada día.



Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe